

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 6 DE XULLO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción dun itinerario peonil e ciclista na PO-340 entre Gondomar e A Ramallosa, p.q. 17+650 - 21+360, de clave PO/16/055.06, nos concellos de Nigrán e Gondomar.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2017/2018.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Facenda e a Universidade de Vigo para o financiamento dos traballos previos á rehabilitación do edificio Faraday na ETEA, por un importe de douscentos corenta e tres mil douscentos dez euros (243.210 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Facenda e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para o desenvolvemento do Campus Científico- Tecnolóxico Cidade do Mar e a regularización da situación económica patrimonial derivada do convenio do 10 de febreiro de 2009.

CONSELLERÍA DE INFRAESTUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se fixan criterios complementarios en relación ao proceso de integración das distintas modalidades de transporte público de competencia da Xunta de Galicia que faciliten a optimización deste servizo público, no marco do procedemento para a implantación da primeira fase da planificación do transporte público de Galicia

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gastos de carácter plurianual e o establecemento de pagamentos á conta e anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, da convocatoria do programa do Igape de bolsas formativas para a realización de proxectos de mellora das pemes galegas, por un importe total dun millón cento vinte e cinco mil seiscentos setenta e dous euros (1.125.672,00€).
- Acordo polo que se autorizan os pagamentos anticipados de gasto, con carácter previo á xustificación e sen necesidade de constituír garantías, da Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa do bono das persoas autónomas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a Orde de convocatoria de oito bolsas de formación en proxectos de investigación do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades para os anos 2017, 2018 e 2019, por un importe total de cento noventa mil oitenta euros (190.080,00€) e, polo tanto a súa execución plurianual.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación, polo Servizo Galego de Saúde, do servizo de técnicas de terapia respiratoria a domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, por un importe de trinta e cinco millóns douscentos noventa mil catrocentos setenta e catro euros con trinta e cinco céntimos (35.290.474,35€), e un valor estimado de oitenta e oito millóns douscentos vinte e seis mil cento oitenta e cinco euros con oitenta e oito céntimos (88.226.185,88€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas que desenvolvan as corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os exercicios 2017/18, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e Fondo Social Europeo 2014/2020. Importe total: cinco millóns cincocentos cincuenta e sete mil seis euros con noventa e dous céntimos (5.557.006,92€).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza á Consellería do Medio Rural para a concesión dunha axuda á empresa Entrepinares S.A.U.
- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e do Decreto 23/2016, do 25 de febreiro, polo que se regula o reinvestimento dos ingresos obtidos polos montes veciñais en man común en actuacións de mellora e protección forestal.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre criterios de actuación que deberán seguir os/as profesionais do Servizo Galego de Saúde para a atención á transexualidade.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o Programa Capacita Directivos.
- Informe sobre o calendario laboral 2018.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as axudas a investimentos na transformación e comercialización de produtos agrarios da convocatoria 2017.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA SENDA PEONIL NA ESTRADA PO-340, ENTRE GONDOMAR E A RAMALLOSA

- *O decreto de utilidade pública comprende a expropiación das 63 predios necesarios para a execución deste itinerario, 21 deles situados no Concello de Gondomar e as 42 restantes no de Nigrán*
- *A senda, de 3,5 km, executarase pola marxe esquerda da estrada, comezará onde rematan as beirarrúas de Gondomar e finalizando no p. q. 21+360, conectando coas beirarrúas da Ramallosa, no concello de Nigrán*
- *Este proxecto tamén recolle a mellora da intersección coa rúa Vilariño; do cruzamento coa estrada a Donas, e no cruzamento coa vía provincial cara a Golada*
- *Esta actuación está enmarcada no Plan de sendas de Galicia, que para a comarca de Vigo prevé 11 treitos e un orzamento que se achega aos 5 millóns de euros*

O Consello da Xunta autoriza o proxecto de decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de itinerario peonil e ciclista na estrada PO-340, entre Gondomar e A Ramallosa, nos concellos de Nigrán e Gondomar.

O decreto de utilidade pública comprende a expropiación das 63 predios necesarios para a execución desta senda na estrada PO-340, 21 deles situados no concello de Gondomar e os 42 restantes no de Nigrán. Esta actuación conta cun orzamento que supera os 2 millóns de euros.

A senda, de 3,5 km de lonxitude, construírse pola marxe esquerda da estrada PO-340, comezará no p.q. 17+880, onde rematan as beirarrúas de Gondomar e finalizará no 21+360, conectando coas beirarrúas da Ramallosa, no concello de Nigrán.

A sección tipo que se executará ten un largo aproximado de 2,7 m, consta dunha senda de formigón coloreado de 1,8 m de largo separada da calzada por unha zona axardinada de 0,5 máis os dous bordos de separación nos tramos en que as características da estrada e as edificacións existentes o permiten.

Ademais da senda prevese a mellora de tres interseccións existentes, unha delas a situada no p.q.18+880 coa rúa Vilariño, a carón do IES Escolas Pombal, en que se construír un cambio de sentido con carril central de espera para facilitar os xiros dos vehículos de transporte escolar. Ademais, implantaranse medidas para incrementar a fluidez do tráfico na contorna das zonas de cruzamento que necesariamente terán que usar principalmente os alumnos do centro educativo.

No cruzamento do p.q. 20+340 coa estrada provincial a Donas, executarase unha glorietta, que aumentará a seguridade dos peóns e ciclistas e facilitará os xiros á esquerda na estrada na contorna dese punto.

No cruzamento do p.q. 20+580 coa estrada da Deputación a Golada, moi próximo ao centro de saúde Val Miñor, recuarase lixeiramente a senda existente pola marxe dereita para mellorar a seguridade dos peóns na intersección.

Plan de sendas en Vigo

Esta actuación está enmarcada no Plan de sendas de Galicia, concretamente na comarca de Vigo, para o que proxectan 11 treitos, que foron definidos en 9 proxectos de construción. A Axencia Galega de Infraestruturas executarará 12,5 quilómetros de novas sendas nesta bisbarra, cun orzamento que se achega aos 5 millóns de euros, para o que conta co financiamento asegurado ao terse incluído no programa operativo de Galicia dos fondos europeos Feder para o período 2014 -2020.

A Axencia Galega de Infraestruturas licitou o pasado mes de marzo o contrato para execución doutra senda na PO-325, dende a intersección da avenida Praia América coa rúa Francisca Iago, ata a intersección coa rúa Foz, punto en que comeza o paseo litoral existente ata Baiona.

No paseo marítimo existente na PO-552, na travesía de Baiona, diferenciaranse os espazos destinados a peóns ciclistas na zona próxima ao Parador. O contrato de obras xa está adxudicado e está previsto iniciar os traballos no mes de setembro para non causar molestias ao importante número de usuarios do paseo nos meses de verán.

Na mesma estrada PO-552, prevese tamén complementar o itinerario peonil e ciclista de Baiona na zona de Santa Marta; o proxecto xa está redactado e complementa outro redactado por Costas. O contrato de obras licitarase neste ano, unha vez sexa licitada a actuación do Goberno estatal, prevista en datas próximas.



Tamén na PO-552, a Axencia Galega de Infraestruturas ten previsto licitar nos próximos días o contrato para execución de tres tramos de senda; os dous primeiros, á saída de Coruxo e en San Miguel de Oia, situados no Concello de Vigo, e o terceiro entre Priegue e As Rexas, no termo municipal de Nigrán.

A consellería de Infraestruturas adxudicou tamén xa o contrato para a construción dun itinerario peonil e ciclista na PO-331, desde O Porriño ata o paso superior existente sobre a AP-9 nas proximidades de Atín, no concello de Mos.

A Axencia Galega de Infraestruturas licitou o pasado mes de marzo os contratos para a execución da senda entre Amoedo e Pazos de Borbén, na PO-250. Por último, está



actualmente en fase de información pública o proxecto dunha senda na PO-411 en Parderrubias, no concello de Salceda de Caselas.



Comunicación da Xunta de Galicia
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: comunicacion@xunta.gal



FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

APROBADO O DECRETO QUE RATIFICA GALICIA COMO A COMUNIDADE COA MATRÍCULA UNIVERSITARIA MÁIS BAIXA DO ESTADO

- *A Xunta volve conxelar, por quinto ano consecutivo, os prezos públicos do conxunto de graos e máster nas tres universidades do Sistema Universitario Galego (SUG)*
- *O aforro medio para as familias galegas con fillos na universidade en comparación coa media do que desembolsa un alumno do resto do Estado acada os 20,5 millóns de euros*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas tres universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) para o curso académico 2017/18, que ratifica Galicia como a comunidade autónoma cos prezos de matrícula máis baixos de España. Así, o aforro medio para as familias galegas con fillos na universidade en comparación coa media do que desembolsa un alumno do resto do Estado acada os 20,5 millóns de euros. O aforro por estudante e ano en Galicia acada os 352 € nas ensinanzas de grao e os 663 € no caso de máster.

Así, no vindeiro curso 2017/18 Galicia volve ser a Comunidade Autónoma cos prezos de matrícula universitaria máis baixos de toda España, polo que o Sistema Universitario Galego (SUG) se consolida como un dos máis accesibles para todo o estudantado desde o punto de vista económico.

Deste xeito, este será o quinto ano que a Xunta mantén conxelados os prezos públicos da totalidade de graos e máster que ofertan as tres universidades do SUG; e o sétimo ano que leva conxelada a taxa de primeira matrícula de grao.

A Xunta ratifica, polo tanto, a súa decisión de manter os prezos públicos nos niveis dos cursos anteriores, de xeito que o Sistema Universitario de Galicia continúe a ser o máis accesible de toda España para o estudantado. Reforza, por tanto, o seu compromiso coa igualdade de oportunidades no acceso aos estudos universitarios, como vén facendo desde o ano 2009.

Prezos medios

No caso dos graos universitarios, o prezo medio das primeiras matrículas de grao (que representan o 78% do total) mantense en 11,89 euros/crédito, o máis baixo de España, fronte aos 25,14 euros de media de Cataluña, e aos 17,77 euros de media de España.

No caso dos máster, Galicia é a segunda comunidade coas taxas máis baixas de España, cunha media de 26,49 euros, fronte aos 65,87 euros/crédito de Cataluña, e 11,05 euros menos que a media estatal.

Cómpre lembrar que Galicia é a comunidade líder na defensa duns prezos públicos axustados que permitan que ninguén quede fóra da Universidade por motivos extra académicos. Para iso, o Consello Galego de Universidades emitiu informe favorable sobre a subida mínima permitida dos prezos públicos (o IPC) nos cursos 2009/10, 2010/11 e 2011/12. A partir do cambio de sistema para a actualización dos prezos, o curso 2012/13 decidiuse conxelar os prezos públicos da primeira matrícula de grao e aprobar a suba mínima posible para os de sucesivas matrículas. Para os cursos 2013/14, 2014/15, 2015/16 e 2016/17 optouse pola conxelación, da mesma forma que se propón agora para o curso 2017/18.

A XUNTA AUTORIZA O CONVENIO CON ZONA FRANCA PARA IMPULSAR O CAMPUS DO MAR NOS TERREOS DA ANTIGA ETEA EN VIGO

- *Este convenio permitirá desenvolver os distintos proxectos do Campus, en que a Xunta ten comprometidos uns orzamentos que chegan aos cinco millóns de euros*
- *O Campus do Mar servirá para internacionalizar a Universidade de Vigo e facer de Galicia un referente na investigación no ámbito do mar e a eólica mariña*
- *Ao mesmo tempo, o Consello tamén deu luz verde a un convenio coa universidade viguesa para iniciar a rehabilitación do edificio Faraday, en que estará situada a sede institucional do Campus do Mar*
- *A Xunta subvencionará con 243.000 euros a elaboración do proxecto sectorial, o estudo xeotécnico ou a redacción dos proxectos básico e de execución*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Administración galega e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para o desenvolvemento do Campus do Mar nos terreos da antiga ETEA, o que permitirá impulsar distintos proxectos en que a Xunta ten comprometidos uns orzamentos que chegan aos cinco millóns de euros. Ademais, tamén deu luz verde a outro convenio coa Universidade de Vigo para iniciar a rehabilitación do edificio Faraday, que albergará a sede institucional do Campus do Mar.

Por unha parte, o Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia –a través da Consellería de Facenda– e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para o desenvolvemento do Campus do Mar nos terreos da antiga Escola de Transmisións e Electrónica da Armada (ETEA). Neste acordo establécese que a Xunta reverterá á Zona Franca as parcelas 3A e 3B, que se corresponden coa área científico tecnolóxica, para que posteriormente a universidade proceda ao seu desenvolvemento.

Tal como establece o convenio, que xa foi aprobado polo pleno do Consorcio Zona Franca, a Xunta comprométese a tramitar e aprobar o proxecto ou proxectos sectoriais necesarios para desenvolver as actuacións vencelladas ao Campus do Mar, e tamén a executar as obras de urbanización e garantir os servizos urbanísticos necesarios para que o Campus poida ser inaugurado. Pola súa parte, Zona Franca dá por regularizadas as obrigas económicas asumidas pola Administración galega no convenio asinado en febreiro de 2009.

A primeira das parcelas destinarase a espazo para a sede corporativa do Campus do Mar, acelerador de empresas (Emprendemar) e centro de innovación gastronómico do Campus do Mar. A segunda das parcelas, baixo o liderado da Universidade de Vigo, albergará actividades relacionadas coas tecnoloxías avanzadas mariñas, un elemento

destacado na estratexia de biotecnoloxía da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

O Plan sectorial da ETEA foi aprobado no Consello da Xunta do 23 de febreiro de 2012, como unha aposta por converter os terreos destas antigas inmediacións nun centro de referencia e excelencia da investigación mariña a nivel internacional. O obxectivo é acadar un espazo multidisciplinar, no cal se unan os usos sociais – asistenciais, culturais, deportivos, residenciais, entre outros- e os científicos, co fin de atraer a cidadanía cara a este campus.

A Xunta de Galicia prevé destinar uns cinco millóns de euros aos distintos proxectos que afectan o desenvolvemento do Campus do Mar. Deste investimento, un mínimo de dous millóns de euros procederán de fondos do Programa operativo de cooperación transfronteiriza España-Portugal, POCTEP. A estes cinco millóns de euros haberá que sumar outros tres millóns da Zona Franca para rehabilitar o edificio Siemens.

Rehabilitación do edificio Faraday

Precisamente, o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura doutro convenio entre a Consellería de Facenda e a Universidade de Vigo para o financiamento dos traballos previos á rehabilitación do edificio Faraday, situado tamén nos terreos da antiga ETEA. A Administración galega destinará este ano máis de 243.000 euros para iniciar a rehabilitación deste inmovible, que acollerá a sede institucional do Campus do Mar.

Tal como establece o convenio, a Xunta outorgará unha subvención de concesión directa á Universidade de Vigo para financiar estes traballos, cunha dotación de 243.210 euros. Os traballos que se financiarán ao abeiro deste convenio son o proxecto sectorial, o estudo xeotécnico, a análise estrutural, o levantamento de planimetría e a redacción de proxecto básico e de execución. A Xunta tamén financiará a redacción do prego de prescricións técnicas para a rehabilitación do inmovible.

Para poder rehabilitar o edificio Faraday –situado na parcela 3A– é necesario redactar o proxecto e para iso precísase recoller previamente unha serie de datos sobre o edificio, para caracterizar a resistencia do terreo, da estrutura, as dimensións exactas e desenvolver o proxecto sectorial previsto no plan. Estes traballos serán contratados pola Universidade.

O Campus do Mar é un proxecto liderado pola Universidade de Vigo e promovido polas tres universidades galegas, o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e polo Instituto Español de Oceanografía (IEO). Esta iniciativa ten entre os seus obxectivos formar os mellores profesionais e investigadores no ámbito das ciencias do mar e xerar investigación de calidade e impacto internacional.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DAS NOVAS CONCESIÓNS DE TRANSPORTE PÚBLICO ASEGURANDO A CONTINUIDADE DO EMPREGO E CON GARANTÍAS PARA AS PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS

- *O Goberno galego mantén aberta a negociación coas centrais sindicais para afondar na procura de melloras sociais e laborais no Plan de transporte público*
- *Os contratos de transporte público incorporarán a cláusula de subrogación dos traballadores, que obriga ás empresas adxudicatarias a manter aos traballadores asociados ás liñas de transporte*
- *Protexeranse as pemes do sector limitando o número máximo de concesións de transporte que se poderán adxudicar a un único grupo empresarial*
- *Con este acordo, a Xunta avanza na tramitación administrativa do Plan de transporte público, que permitirá que a partir do mes de agosto se manteñan os servizos de autobús en gran parte de Galicia e se aseguren os empregos*
- *O plan suporá unha notable mellora do transporte público no rural, con especial incidencia na poboación maior, e reforzando as garantías do transporte escolar*

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace ao inicio da contratación das novas concesións de transporte público de Galicia, que asegura a continuidade do emprego e con garantías para as pequenas e medianas empresas do sector. O Goberno galego mantén aberta a negociación coas centrais sindicais co obxectivo de afondar na procura de melloras sociais e laborais do Plan de transporte público.

Conforme o acordo aprobado hoxe, os novos contratos de transporte público incorporarán a cláusula de subrogación dos traballadores. Esa cláusula, de referencia a nivel nacional, establece a obriga das empresas adxudicatarias de manter os traballadores asociados ás liñas de transporte coas súas condicións laborais.

Neses mesmos contratos, como cláusula fundamental para a defensa dos traballadores e da prestación dos servizos públicos, establecerase como causa específica de resolución dos contratos de concesión de transporte o incumprimento das obrigas de subrogación ou a vulneración dos dereitos dos traballadores.

O acordo adoptado hoxe no Consello da Xunta contén tamén garantías para as pequenas e medianas empresas do sector. Ese obxectivo estivo presente no proceso de elaboración do Plan de transporte público de Galicia, que organiza o sistema de concesións en máis de 40 contratos que agrupan servizos que poden prestarse cunha media de 15 autobuses e prevé a concorrencia en UTE.

Coa mesma finalidade de velar polo futuro das pequenas e medianas empresas que predominan no tecido industrial galego do sector, o Consello da Xunta acordou que na

contratación se limitará o número máximo de contratos de transporte público que se poderán adxudicar a un único grupo empresarial.

Con este acordo, a Xunta avanza na tramitación administrativa do Plan de transporte público, que permitirá que a partir do mes de agosto se manteñan e melloren os servizos de autobús en gran parte de Galicia e se aseguren os empregos.

Este plan é a única alternativa viable e legal para que a partir de agosto continúe habendo servizos de autobús na provincia de Ourense, en gran parte da provincia de Lugo, e en áreas concretas das provincias de Pontevedra e A Coruña.

Estas zonas están afectadas polas renuncias das empresas de transporte a seguir prestando os servizos de autobús que tiñan en concesión a partir do vindeiro mes, poñendo en risco non só o transporte público, senón tamén moitos postos de traballo. O Plan de transporte público de Galicia non só permitirá manter eses servizos e o emprego, senón que mellorará notablemente as posibilidades de mobilidade no medio rural. Iso será posible ao permitir que os veciños do rural, con gran incidencia na poboación maior, empreguen as liñas de autobús de transporte escolar, que ten unha rede territorial moito máis extensa que a do transporte xeral.

Ese uso compartido do transporte irá acompañado de melloras tamén para os escolares, cuxa atención estará blindada nos contratos, que manteñen intactos os tempos de percorrido e os horarios de saída e chegada.

Ademais, incluíranse garantías máis elevadas que as previstas pola lei, ao asegurarse a presenza dun monitor acompañante escolar en todas as rutas de transporte compartido.

A XUNTA IMPULSA A INSERCIÓN LABORAL DE 100 NOVOS TITULADOS COAS BOLSAS QUE PERMITEN REALIZAR PROXECTOS DE MELLORA NAS PEMES

- *A convocatoria aprobada hoxe polo Consello, cun orzamento de 1,12 M€, facilitará aos titulados seleccionados participar, principalmente, en iniciativas do programa ReAcciona, pero tamén nas promovidas por clústers e por entidades vinculadas á Unidade Galicia Emprende*
- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria promoverá este ano a especialización e a inserción laboral de 250 novos titulados a través desta iniciativa, dos bolseiros de internacionalización e do Principia, tres medidas das que xa se beneficiaron 650 novos titulados*
- *A Xunta tamén impulsa a competitividade das pemes, achegando as últimas tendencias da Industria 4.0 a máis de 2000 cadros directivos de empresas galegas mediante o programa Capacita*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria impulsará, a través do Igape, a especialización e a inserción laboral de 100 novos titulados ao abeiro da próxima convocatoria de bolsas formativas para proxectos de mellora nas pemes galegas, aprobada hoxe polo Consello da Xunta. Este programa facilitou durante os últimos anos a participación de máis de 300 bolseiros. Máis da metade dos que xa remataron o período formativo atoparon emprego de inmediato.

Dotada con 1,12M€, a nova convocatoria de bolsas formativas para plans de mellora en pemes facilitará a participación dos 100 novos titulados seleccionados en proxectos desenvolvidos a través do programa ReAcciona, principalmente, así como en proxectos impulsados por clústers e por entidades vinculadas á Unidade Galicia Emprende.

O prazo de presentación de solicitudes polos potenciais beneficiarios -titulados universitarios galegos que obtiveron o título en 2011 ou anos posteriores- estará aberto desde o día seguinte ao da publicación das bases no *Diario Oficial de Galicia*, ata o 14 de setembro. A selección de bolseiros rexeráse por un proceso no se que valorará o expediente académico, a formación adicional, a titulación obtida e o coñecemento de idiomas. Os bolseiros seleccionados accederán a formación teórica e un ano de formación práctica colaborando en varias empresas ou entidades que estean a desenvolver proxectos de mellora.

Este programa dará un novo pulo aos programas de especialización e inserción laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, que promoverá, mediante as convocatorias deste ano, a formación e a colocación de 250 novos titulados a través deste programa de bolsas para proxectos de mellora (100), do programa de bolseiros de internacionalización (arredor de 40) e do programa Principia (máis dun centenar). Os

dous primeiros corresponden ao Igape, mentres que a Axencia Galega de Innovación (Gain) desenvolve o terceiro.

Durante os últimos anos, a Consellería de Economía, Emprego e Industria facilitou a especialización en competitividade e internacionalización de 650 novos titulados, máis de 300 a través do programa de bolsas para participar en proxectos de mellora en pemes, 260 a través do programa de bolseiros de internacionalización, que colaboran en proxectos de internacionalización de empresas tanto en orixe como en destino, e 80 no programa Principia. Por outra banda, tamén durante os últimos anos, a Xunta apoiou a contratación de máis de 300 xestores expertos en comercio exterior para reforzar os avances do tecido empresarial galego.

Formación 4.0 para directivos

Ademais, no ámbito da formación aplicada á mellora da competitividade das empresas, o Consello da Xunta avaliou hoxe un informe sobre a nova convocatoria do programa Capacita, co cal se prevé chegar as novas tendencias e solucións no ámbito da Industria 4.0 a 2.100 cadros directivos de empresas galegas.

Este programa forma parte do plan Capacita, enmarcado na Axenda Galicia-Industria 4.0, que ten como obxectivo incrementar a competitividade do tecido empresarial galego, con atención especial ás pemes. Prevese avanzar así na consolidación de empresas excelentes e altamente profesionalizadas utilizando a capacitación sobre oportunidades, estratexia, xestión e tecnoloxías, de forma que se desenvolvan novas competencias nas persoas e nas empresas e, consecuentemente, se xere maior riqueza, emprego e cohesión social en Galicia. O plan Capacita, que desenvolve o Igape, está dotado con 10,8 millóns de euros para mellorar, en dous anos, a capacitación dunhas 12.000 persoas, e beneficiar a 7700 empresas.

O BONO AUTÓNOMO DA XUNTA APOIA A CONSOLIDACIÓN DA SÚA ACTIVIDADE ECONÓMICA CON ACCIÓNS PARA QUE GAÑEN EN PROFESIONALIDADE

- *A iniciativa de Economía, Emprego e Industria, coa que se prevé beneficiar a 1000 persoas con ata 3000 euros por traballador, está dirixida a aqueles que contan cunha empresa cun mínimo de 42 meses de antigüidade*
- *O Goberno galego tamén pon en marcha a Oficina do Autónomo, unha canle onde os interesados poderán obter información sobre o estado dos seus expedientes abertos con calquera órgano ou unidade da propia Administración galega*
- *As dúas medidas, pioneiras en Galicia, enmárcanse na Estratexia Autónoma 2020 coa que, con 40 millóns ao ano, se busca incorporar novas persoas ao emprego por conta propia, garantir a viabilidade dos negocios en marcha e simplificar e axilizar a tramitación administrativa*
- *Galicia continúa sendo a Comunidade cun emprego autónomo máis sólido e máis estable que na media de España*

A Xunta continúa desenvolvendo a Estratexia Autónoma 2020 coa posta en marcha de dúas novas medidas pioneiras en Galicia: o Bono Autónomo, cun investimento de 3 millóns de euros, e a Oficina do Autónomo, un portelo único para facilitar a tramitación administrativa das súas solicitudes.

O Bono Autónomo apoiará con ata 3000 euros por traballador a consolidación da súa empresa para aquelas que contan cunha antigüidade mínima de 42 meses e unha facturación mínima de 12.000 euros. Son os principais requisitos desta medida coa que se prevé beneficiar 1000 persoas, que gañarán en profesionalidade, desenvolvemento estratéxico e competitividade. A Xunta anticipará o 100% da contía.

Para seren beneficiarios do bono, os traballadores poderán ter acceso gratuíto a servizos de apoio para saber onde necesitan mellorar, unha diagnose que realizarán os profesionais da Rede de técnicos de emprego ou do Igape.

Co cheque poderanse contratar servizos de mellora de xestión financeira, de optimización de procesos de produción e cadea lóxística, relanzamento comercial, imaxe e comunicación e posicionamento na web. O bono tamén se poderá empregar en plans de mellora empresarial, márketing, redefinición do modelo de negocio e identificación de socios e redes de cooperación ou no financiamento de servizos que lles permitan afrontar novos retos.

A Xunta xa conta con axudas para a promoción do emprego autónomo, pero esta nova medida busca que as empresas creadas contan cos mecanismos necesarios para crecer

e ampliar a súa actividade cara a novos mercados para favorecer a creación de novos postos de traballo.

Para tamén axudar á consolidación da actividade empresarial e ao inicio da posta en marcha de novos proxectos, ponse en marcha nunha primeira fase a Oficina do Autónomo no enderezo www.oficinadoautonomo.gal, que actuará como portelo único onde os interesados poderán obter información en relación co estado e progresos dos seus expedientes abertos con calquera órgano ou unidade da propia Administración galega. Estímase unha atención media de 2000 persoas ao ano. Esta oficina, polo tanto, será un punto unificado e integral de asesoramento e consulta de acceso telemático onde tamén se mostrará toda a información sobre as axudas aos autónomos.

Estratexia Autónomo 2020

As dúas novas medidas forman parte da Estratexia Autónomo 2020 na cal o Goberno galego está a traballar para beneficiar 10.000 autónomos ao ano con tres retos principais: incorporar novas persoas ao emprego autónomo, consolidar a actividade existente para garantir a súa viabilidade e simplificar e axilizar a tramitación administrativa.

Esta planificación inclúe outras medidas innovadoras que se están a consensuar co sector e que se porán en marcha proximamente, como son a ampliación da tarifa plana do Estado para impulsar a actividade empresarial, o programa de remuda xeracional para consolidar os negocios, así como o plan de formación específico, que, contando coa participación das entidades máis representativas do sector, pretende contribuír á mellora e adaptación aos novos tempos; e a orde de axudas para favorecer a conciliación dos autónomos.

Esta folla de ruta conta cun orzamento de 160 millóns ata 2020, 40 millóns ao ano, polo que a finais de xullo o Goberno galego terá xa comprometido un 80% do orzamento destinado para 2017.

Na actualidade, a Administración autonómica ten activos os apoios para o inicio da actividade e para a contratación indefinida, que suman máis de 20 millóns de euros. As axudas poden solicitarse ata o 30 de setembro. A Xunta tamén aprobou un programa específico para os menores de 30 anos, que prevé axudas que se duplican con respecto ao programa xenérico. Os autónomos, ademais, teñen cada vez máis presenza nos instrumentos do Igape como son os programas Galicia Rural Emprende ou Galicia Emprende.

Coas novas medidas, sobre as cales hoxe se informou no Consello da Xunta, impulsarase unha maior calidade no emprego autónomo, dando resposta ao reto

principal da Axenda 20, coa que se prevé poñer en marcha, ata 2020, polo menos 80.000 novos postos de traballo estables.

Os autónomos na Comunidade

Galicia segue sendo a Comunidade cun emprego autónomo máis sólido e a que máis apoios públicos presta: un de cada catro traballadores pertence a este sector, liderando as comunidades con maior peso sobre o total da afiliación á Seguridade Social. Ademais, os autónomos son máis estables que na media de España, pois están 5,4 puntos por enriba das iniciativas de máis de cinco anos e este emprego é máis igualitario que a medida estatal.

EDUCACIÓN CONVOCARÁ 8 BOLSAS DE FORMACIÓN NO RAMÓN PIÑEIRO PARA INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

- *Os bolseiros desenvolverán o seu labor neste centro ata o ano 2019, o que supón unha oportunidade para que os titulados das universidades poidan iniciar a súa actividade neste eido*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convocará este ano 8 novas bolsas de formación en proxectos de investigación desenvolvidos polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH). O obxectivo é avanzar no coñecemento, normalización e promoción do galego, así como no fomento do seu uso en todos os eidos profesionais, académicos e sociais; ao tempo que se facilita a especialización na formación académica dos titulados universitarios que poderán acceder a estes postos.

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a esta convocatoria, á cal se destinarán 190.080 euros, que vai dirixida a licenciados e/ou graduados universitarios en filoloxías e área de Humanidades, con diferentes requirimentos en función de cada un dos proxectos, que poderán consultarse na súa convocatoria. En concreto os proxectos incluídos nesta convocatoria son os de 'Etiquetador/Lematizador do galego actual', 'Corpus documentale Latinum Gallaeciae', 'Bibliografía informatizada da lingua galega', 'Proxecto de Terminoloxía científico-técnica', 'Proxecto Informes de Literatura', 'Recuperación de textos literarios e xornalísticos galegos', 'Lírica profana galego-portuguesa' e o proxecto 'Dimensións da identidade colectiva de Galicia'.

As bolsas -cunha contía de 990 euros brutos mensuais durante tres anos- concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia. Para a selección dos bolseiros terase en conta o expediente académico e a realización de cursos, másters de investigación e diplomas de estudos avanzados (DEA) relacionados co obxecto das bolsas; as publicacións, as comunicacións en congresos e mais a realización dunha entrevista persoal. Nesta entrevista valorarase o coñecemento do proxecto de investigación concreto e daqueles medios instrumentais necesarios para o que presenta a solicitude, a motivación e a iniciativa.

Traxectoria do CRPIH

Unha faceta fundamental do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades é a súa contribución á formación investigadora. Nestes 22 anos, pasaron polo CRPIH 445 investigadores/as diferentes: 308 bolseiros/as galegos/as que se formaron participando nos proxectos do Piñeiro e outros/as 137 bolseiros/as dos máis diversos países do mundo que estiveron un semestre desenvolvendo traballos de investigación propios asesorados polos directores de proxectos semellantes aos seus

do centro de investigación que hoxe cumpre dúas décadas. Moitos destes bolseiros son hoxe doutores, profesores universitarios ou docentes no ensino medio e, dende os seus postos actuais, continúan a ofrecer importantes contribucións ao coñecemento sobre a lingua e a literatura galegas.

Actualmente, o Centro Ramón Piñeiro ten en marcha un total de 20 proxectos de investigación. Na área de lingua, avánzase no Corpus de referencia do galego actual (CORGA), no Sintetizador de voz para o galego CoToVía, na Bibliografía informatizada da lingua galega (BILEGA), no Corpus documentale latinum Gallaeciae (CODOLGA) ou na liña de investigación de fraseoloxía galega.

Na área de literatura, hai proxectos orientados á literatura medieval, coma o Arquivo Galicia Medieval, e outros dirixidos ao estudo da literatura galega contemporánea, coma o de Bibliografía da literatura galega, o Dicionario xeral de termos literarios, os Informes de literatura, os proxectos de recuperación de narrativa, de poesía ou de revistas dos séculos XIX e XX ou os Cadernos Ramón Piñeiro. Ademais, prodúcense obras de filosofía, de socioloxía, de cinema ou de ciencia política.

A XUNTA DESTINA 35 MILLÓNS DE EUROS A TRATAMENTOS A DOMICILIO PARA PACIENTES CON ENFERMIDADES RESPIRATORIAS

- *A licitación inclúe todas as estruturas organizativas de xestión integrada (EOXI) do Servizo Galego de Saúde e ten unha duración de tres anos, ata 2020*
- *Na actualidade, 34.121 persoas reciben este tipo de tratamentos en Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación de técnicas de terapia respiratoria a domicilio por un total de 35.290.474,35 euros. A licitación inclúe todas as estruturas organizativas de xestión Integrada (EOXI) do Servizo Galego de Saúde e ten unha duración de tres anos, ata 2020.

As terapias respiratorias a domicilio agrupan todos os servizos terapéuticos indicados para o tratamento de afeccións do sistema respiratorio, o soporte ventilatorio e o control das alteracións na oxixenación do organismo. O seu obxectivo é o mantemento dun correcto estado ventilatorio dos pacientes, mellorar a súa calidade e esperanza de vida, favorecer a súa integración social e diminuír as estadias hospitalarias.

O Sergas ofrece estes servizos a aqueles pacientes que o requiran cando así o indica o facultativo especialista, quen decide a terapia necesaria, as súas condicións e a súa duración. Este tipo de asistencia proporciona maior comodidade para os pacientes, xa que a reciben no seu domicilio coas vantaxes dunha atención individual e protocolizada. Na actualidade, 34.121 persoas reciben este tipo de tratamentos en Galicia.

As técnicas de terapia respiratoria a domicilio inclúen a oxixenoterapia crónica a domicilio (administración de oxíxeno no domicilio a pacientes estables pero en situación de insuficiencia respiratoria crónica); a ventilación mecánica a domicilio (destinada ao tratamento domiciliario da insuficiencia respiratoria crónica en pacientes estables que requiren soporte ventilatorio parcial ou total); o tratamento ventilatorio a domicilio da síndrome de apnea-hipopnea do sono (subministración de aire durante o sono a pacientes con esta síndrome); e a aerosolterapia (administración de fármacos por vía inhalatoria mediante o uso de aerosois). O tratamento ventilatorio a domicilio da síndrome de apnea-hipopnea do sono é o máis frecuente, xa que é o que recibe un 62,33% dos pacientes.

Para poder recibir estas terapias no seu domicilio, os pacientes deben estar nunha situación clínica estable, aceptar o tratamento, cumprir as medidas hixiénico-sanitarias necesarias en cada caso (como suprimir o hábito tabáquico e controlar a inxesta de alcohol), e someterse a unha valoración periódica do cumprimento do tratamento.

A XUNTA PROMOVE A INCLUSIÓN DA POBOACIÓN XITANA, INMIGRANTE E EN RISCO DE EXCLUSIÓN A TRAVÉS DE AXUDAS A CORPORACIÓNS LOCAIS

- *As subvencións irán destinadas ao investimento en centros de inclusión e emerxencia social*
- *Tamén se financiarán actividades que teñan como obxectivo o apoio ás persoas que, polo distanciamento dos seus vínculos persoais co contorno social, precisan dun acompañamento técnico que facilite a súa inclusión*
- *O investimento para o período 2017-2018 supera os 5,5 millóns de euros, un importe cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e polo Fondo Social Europeo*

O Consello da Xunta acaba de aprobar as subvencións para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas que desenvolverán polas corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión.

A Administración autonómica busca a través desta liña de axudas poñer en marcha medidas dirixidas a compensar as dificultades que presentan determinados colectivos, impulsando o desenvolvemento de actuacións que fomenten a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos en situación ou en risco de exclusión.

Deste xeito, as actividades financiadas ao abeiro desta orde terán como obxectivo o apoio ou reforzo ás persoas que, polo distanciamento dos seus vínculos persoais co contorno social ou a súa condición de inmigrante, precisan dun acompañamento técnico que facilite ou posibilite a súa inclusión social e laboral, e terán por obxecto tanto a adquisición de habilidades e destrezas como a formación básica e de tipo laboral específica e adaptada ás súas necesidades. Neste sentido compréndese a preparación para a avaliación das competencias clave exixibles para o acceso normalizado á formación e cualificación profesional, ademais de accións de mediación intercultural ou de carácter residencial.

Tamén será obxecto de financiamento un programa de educación e apoio familiar, que permite realizar actuacións complementarias que teñan por obxecto promover a adquisición, por parte das familias, de competencias e habilidades para o correcto desenvolvemento das súas funcións parentais e educativas.

Así mesmo, a orde regulará unha liña de actuación de investimento en centros de inclusión e emerxencia social e unidades funcionalmente vinculadas, que incluírá a construción, ampliación, reforma e mellora dos centros, así como a adquisición de inmobles que garden unha relación directa coas actuacións anteriores; e a adquisición

e instalación de equipamento e moblaxe, así como a adquisición de vehículos de transporte vinculados á prestación dos servizos propios do centro.

A vixencia das axudas comprende gastos desde o 1 de abril de 2017 ata o 30 de xuño de 2018. O orzamento desta orde, cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, cífrase en 5.557.006,92 euros, un 8,25% máis con respecto á convocatoria anterior. Deste importe total, 3,2 millóns de euros corresponden a 2017 e 2,3 a 2018.

Estratexia para a inclusión social de Galicia 2014-2020

Estas subvencións enmárcanse nesta estratexia que se centra nos procesos vinculados á inclusión social das persoas usuarias dos servizos, e establece unha liña de axudas destinada ao desenvolvemento de accións de capacitación persoal para a mellora da empregabilidade das persoas en situación ou risco de exclusión social, así como ao traballo de acompañamento social e ao apoio preciso para facilitar a participación das persoas destinatarias nos proxectos de inclusión sociolaboral.

A liña destinada a financiar a realización de investimentos en centros de inclusión e emerxencia social persegue a finalidade de que as corporacións locais poidan reformar ou adaptar os seus equipamentos ás necesidades dos usuarios e usuarias, e ofrecerlles servizos que redunden nunha mellora na calidade da atención ofertada.

Axenda Social de Galicia

As subvencións para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas que desenvolven as corporacións locais tamén forman parte da Axenda Social de Galicia, que formula respostas adaptadas ás características que presentan as novas situacións de pobreza e exclusión a consecuencia dos cambios estruturais na sociedade actual. O documento atende de xeito principal a un perfil de familias que rexistran actividade económica e baixos ingresos e que, por diversas razóns, non acceden aos dispositivos de axuda de inclusión. Estas familias, especialmente aquelas con menores de 16 anos a cargo e con ingresos de traballo inferiores aos limiares da Risga son as principais destinatarias da Nova Axenda Social.

Esta nova folla de ruta comprende respostas dirixidas a reducir a privación material das familias, con medidas de carácter material e monetario, e a mellorar o seu acceso e a oferta de atención nos servizos sociais, con medidas de carácter técnico, así como outras dirixidas a facilitar o seu acceso aos recursos residenciais. Deste xeito, contempla medidas de apoio á renda, como poden ser a Risga, as axudas de inclusión social, ou as axudas de emerxencia social e complementarias ás AIS, entre outras que dependen da Consellería de Política Social. Cómpre destacar que a comisión de seguimento da Axenda Social de Galicia se reunirá a finais deste mes para avaliar a implantación e evolución deste documento.

ATA 144 EMPRESAS BENEFICIARANSE DAS AXUDAS DE TRANSFORMACIÓN DE PRODUTOS AGROALIMENTARIOS QUE MOBILIZARÁN MÁIS DE 74 MILLÓNS DE EUROS NO RURAL

- *O sector lácteo é o máis beneficiado, xa que recibirá o 43% do orzamento total das subvencións*
- *Tamén destaca o ámbito vitivinícola polo número de proxectos presentados, ata 64 para melloras tecnolóxicas de adegas*

A Consellería do Medio Rural levou hoxe ao Consello da Xunta un informe polo que se dá conta do número de empresas beneficiarias das axudas de investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios en 2017. En total serán aprobados 144 expedientes que mobilizarán 74,69 millóns no rural, cunha axuda de 23,9 millóns.

Por sectores, o máis importante volve ser o lácteo, non tanto polo número de solicitudes (24 proxectos) senón polo peso destes, xa que os 10,3 millóns de euros que recibirán representan o 43% do total das axudas. Destaca un proxecto como o de Entrepinares, que porá en marcha unha nova liña de fabricación de queixos de pasta prensada con novos formatos. Para iso, a empresa construírá dúas novas naves de fabricación e un almacén automático, ampliará a zona dedicada a oficinas e locais para traballadores e levantará un novo peirao de carga para expedición de produtos. O investimento previsto é de 17,8 millóns e recibirá preto de 4,5 millóns para levala a cabo. Precisamente polo seu elevado importe, esta subvención tivo que ser aprobada polo Consello da Xunta. Con este investimento a empresa, que dá emprego a 84 persoas, ten previsto duplicar o leite procesado nas súas instalacións de Vilalba, así como incrementar nun 65% a súa produción de queixo.

Tamén destaca o proxecto que desenvolverá *Leche Celta* na súa planta de Pontedeume e para o que a Xunta achegará 2,5 millóns de euros, o que supón o 35% do orzamento total. A actuación consiste na instalación e posta en marcha dunha nova liña de fabricación de leite pasteurizado de vida útil moi longa. Ademais, poderanse fabricar tamén outros produtos lácteos pasteurizados, que aumentarán o valor engadido do leite que procesa Celta.

Viño e carne

Respecto a outros sectores, no vitivinícola concederanse axudas por importe de 5,4 millóns de euros a 64 proxectos, cun investimento total subvencionable de 15,2 millóns. Os investimentos que se van apoiar diríxense principalmente a melloras tecnolóxicas de adegas para elaboración de viños con denominación de orixe, así como para a elaboración de augardentes e licores. Entre todas elas destaca a D.O. Rías Baixas, con 27 iniciativas.

No ámbito cárnico apoiaranse 23 proxectos cun valor de 15,8 millóns de euros e unha axuda total de 5,2 millóns de euros. Os investimentos diríxense á modernización e melloras en matadoiros, salas de despezamento e industrias de elaborados cárnicos. Destacan en particular dúas actuacións para elaboración de embutidos e outros produtos cárnicos, cun orzamento próximo a 4,7 millóns.

Ademais dos sectores indicados, aprobaranse axudas para 33 proxectos doutras actividades cun investimento subvencionado total de 9,7 millóns de euros. As iniciativas corresponden principalmente ao sector hortofrutícola, á fabricación de produtos de alimentación animal e de procesamento de ovos. Destacan en particular tres propostas para ao aproveitamento de castañas e outra para o procesamento de kiwis.

A gran maioría das axudas que se aproban (84%) destinaranse a proxectos localizados en zonas de montaña ou con baixa densidade de poboación. Así mesmo, máis da metade das axudas (58%) financiarán actuacións promovidas por cooperativas, sociedades agrarias de transformación ou produtores agrarios.

A través destas achegas, a Xunta de Galicia continúa apoiando o sector agroalimentario galego, xa que é un elemento máis para o desenvolvemento das zonas rurais. De feito, as instalacións de transformación e comercialización de produtos agrarios posibilitan a viabilidade das explotacións agrarias, dan valor engadido ás producións, facilitan o seu acceso aos mercados e fomentan, ademais, a creación e o mantemento de postos de traballo no rural.

A XUNTA INCORPORARÁ MODIFICACIÓNS NA NORMATIVA DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN PARA FACILITAR OS TRÁMITES NO DESENVOLVEMENTO DOS PROXECTOS FORESTAIS

- *Crearase un formulario específico para solicitar unha diminución na cota de reinvestimento e estipularanse os criterios para resolver as solicitudes*
- *Desenvólvese tamén o procedemento de aprobación dos plans de investimentos plurianuais*
- *Ademais, unha vez que entren en vigor os cambios, as comunidades de montes terán que realizar todos os trámites vía telemática*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o inicio da tramitación para modificar dous decretos relacionados coa normativa dos montes veciñais en man común (MVMC) co fin de axilizar os trámites dos proxectos que pretendan levar a cabo nos seus terreos. O obxectivo último é seguir mellorando a política forestal e facilitando as actuacións aos propietarios.

Os principais cambios establécense no Decreto 23/2016, do 25 de febreiro, que regula o reinvestimento dos ingresos obtidos polos MVMC. Precisamente, unha das modificacións refírese á posibilidade de reducir a cota de reinvestimento, que está estipulada nun mínimo do 40%, salvo naqueles ingresos xerados a partir dos produtos derivados de incendios forestais, pragas ou temporais, que é dun 100%. Crearase así un formulario específico para solicitar esta diminución e estipularanse criterios para resolver as solicitudes. A idea é que esta porcentaxe estea vinculada á cantidade total de cotas de reinvestimento pendentes, o que resulta máis lóxico e eficaz.

Do mesmo xeito, desenvólvese tamén o procedemento de aprobación dos plans de investimentos plurianuais. Isto é importante porque esta programación permite acomodar os vencementos das cotas de reinvestimento ao ritmo real que marque o proxecto de ordenación. Ademais, dados os paralelismos existentes entre este mecanismo e o anterior de redución de cota, ofrecerase a posibilidade de solicitar os dous ao mesmo tempo.

Con este decreto modificarase tamén o formulario a través do cal se fan as comunicacións de ingresos e investimentos das comunidades veciñais. Coa mellora que se vai introducir, o cálculo da variación no calendario de vencemento de cotas será automático. Ademais, a partir de agora, separarase a información relativa a cada monte de xestión pública dos terreos que manteñen a xestión privada, co fin de coñecer máis en profundidade e de xeito máis claro como se aplican ambos os proxectos nos montes.

Por último, engádense dous novos criterios para beneficiar os comuneiros: as subvencións dirixidas á xestión forestal e os préstamos xa non xerarán novas cotas de reinvestimento. No primeiro caso, porque as axudas públicas cobradas en anos posteriores ás accións que se subvencionaban xeraban unha nova cota de reinvestimento a futuro imposible de cubrir e, no segundo, porque un préstamo non é un ingreso real dado que leva asociada a obrigação de devolver o capital.

Tramitación electrónica

Doutra banda, modificarase tamén o decreto 260/1992 do 4 de setembro que establece a regulamentación para executar a Lei de montes veciñais en man común. A finalidade é habilitar os procedementos electrónicos a través dos cales as comunidades de montes terán que desenvolver nun futuro todos os seus procedementos, como as solicitudes de clasificación de montes, a modificación de datos rexistrados, as ocupacións e servidumes, etc. Así, cúmprese coa normativa que establece que todas as persoas xurídicas deberán comunicarse coa Administración vía electrónica. Deste xeito, contribúese de novo a axilizar as tramitacións.

Calcúlase que todos estes cambios, cuxa tramitación se inicia hoxe coa aprobación do Consello da Xunta, sexan incorporados á normativa antes de que remate o ano e así facilitar as actuacións dos 150.000 comuneiros que se calcula que poden existir en Galicia en máis de 3000 comunidades de montes.

A XUNTA CREA A UNIDADE DE APOIO Á TRANSEXUALIDADE DOS MENORES E PON EN MARCHA O OBSERVATORIO GALEGO CONTRA A DISCRIMINACIÓN POR ORIENTACIÓN SEXUAL E IDENTIDADE DE XÉNERO

- *A unidade de referencia aos menores transexuais esta concibida para apoio e acompañamento, dende un enfoque multidisciplinar, tanto para as persoas transexuais como para familiares e/ou cuidadores, e profesionais*
- *Os principios que deberán seguir os profesionais do Sergas na atención sanitaria das persoas transexuais nos centros sanitarios son despatoloxizar a transexualidade e o respecto ás persoas transexuais e ás súas diferentes identidades e expresións de xénero*
- *A creación do Observatorio ten como obxectivo reforzar a loita contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero,*
- *O observatorio servirá para consolidar e defender os dereitos das persoas sexa cal sexa a súa orientación sexual e de xénero, así como para promover valores como o respecto á diversidade e ao libre desenvolvemento das persoas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a creación da unidade de atención á transexualidade para menores, no marco da Lei 2/2014, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia, así como a creación do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero.

O Goberno galego avanza no cumprimento da Lei pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais, un texto aprobado en 2014 froito do consenso político dos grupos parlamentarios e que converteu Galicia na primeira autonomía cunha lei que consolida o principio de igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas LGTBI.

A Xunta, coa creación da unidade de atención sanitaria e apoio aos menores transexuais, cumpre o obxectivo de mellorar a calidade da atención asistencial aos menores; constitúe unha unidade de referencia concibida como unha unidade de apoio e acompañamento, entre profesionais, persoas transexuais, familiares ou cuidadores, co fin de unificar e homoxeneizar a atención sanitaria aos nenos e nenas transexuais. A unidade de referencia estará composta por un equipo multidisciplinar composto por pediatras, endócrinos e profesionais da saúde mental. Estará situada no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

Os criterios xerais que se deben seguir son, principalmente, despatoloxizar a transexualidade e o respecto ás persoas transexuais e ás súas diferentes identidades e expresións de xénero. Ademais, implementárase unha política sanitaria no trato destas persoas nas unidades, centros e servizos sanitarios da rede do Servizo Galego de Saúde, garantírase o respecto da identidade de xénero, e promoverase o acceso ao sistema sanitario de acordo co nome sentido.

Creación do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero

A creación do Observatorio ten como obxectivo principal reforzar a loita contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, e servirá para consolidar e defender os dereitos das persoas sexa cal sexa a súa orientación sexual e de xénero, así como para promover valores como o respecto á diversidade e ao libre desenvolvemento das persoas. O Observatorio galego constituirá un novo instrumento para a promoción de valores de respecto á diversidade de orientación sexual e identidade de xénero e o fomento dun espírito crítico de denuncia dos delitos de odio por motivo de discriminación ou violencia debido á orientación sexual e identidade de xénero.

O Observatorio galego será un órgano colexiado, consultivo e de participación social en materia de dereitos das persoas LGBTI, que ten como finalidade a identificación de necesidades, e promoción da igualdade real e efectiva do colectivo LGBTI nas diversas esferas da vida social, económica, laboral, sanitaria, educativa e cultural, así como de loita contra a homofobia, bifobia, lesbofobia e/ou transfobia. Esta previsto que se aprobe este mesmo ano.

Entre as funcións do Observatorio están realizar estudos que teñan por obxecto a análise dos principais problemas para o recoñecemento, restablecemento e garantía dos dereitos das persoas LGBTI e formular recomendacións respecto diso da Administración pública; realizar propostas e recomendacións en materia de normas e políticas públicas para a garantía dos dereitos das persoas LGBTI na nosa comunidade; realizar campañas de sensibilización e concienciación sobre a diversidade sexual e identidade de xénero; presentar propostas que promovan a transversalidade do enfoque dos dereitos das persoas LGBTI na formulación, posta en marcha, seguimento e avaliación das políticas públicas sectoriais e manter comunicación permanente coas instancias públicas e privadas pertinentes para a materialización dos dereitos das persoas LGBTI, entre outros.

O CALENDARIO LABORAL DE GALICIA PARA 2018 INCLÚE COMO FESTIVOS PROPIOS O 17 DE MAIO E O 25 DE XULLO

- *A normativa estatal fixa 14 festivos: 12 marcados polo Estado e 2 elixidos polos concellos*
- *Cando os festivos nacionais obrigatorios coinciden en domingo cada comunidade pode substituílos por outro día de interese*
- *En 2018 non se produce esta circunstancia, polo que a lexislación vixente permite establecer un festivo autonómico recuperable proponse o 17 de maio, Día das Letras Galegas, pola súa gran tradición e importancia para a cultura galega*
- *Cada empresa acordará a forma de recuperar o día, tal e como se determina no Estatuto dos traballadores*
- *O 25 de xullo sempre é escollido entre os festivos estatais que teñen carácter opcional, por ser o Día Nacional de Galicia*

A proposta de calendario laboral galego para 2018 incluírá como festivos propios os días 17 de maio, Día das Letras Galegas, xoves; e o 25 de xullo, Día Nacional de Galicia, mércores, segundo o informe que coñeceu hoxe o Consello da Xunta e que, posteriormente, terá que ser aprobado por decreto. A normativa estatal, fixada polo Real decreto 2001/1983, establece as 14 festas anuais de ámbito nacional non recuperables, remuneradas e de carácter obrigatorio.

Destes 14 festivos, 2 son elixidos por cada concello. Dos outros 12 restantes, 9 son de carácter obrigatorio e non substituíbles a non ser que coincidan co domingo: 1 de xaneiro, Venres Santo (30 de marzo en 2018), 1 de maio, 15 de agosto, 12 de outubro, 1 de novembro, 6 de decembro, 8 de decembro e 25 de decembro.

No ano 2018 non hai ningún festivo nacional que coincida en domingo. Para estes casos, a normativa vixente estipula que as comunidades poderán fixar un único festivo autonómico que será recuperable, de acordo coa posibilidade establecida polo artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores. É dicir, engádesse unha festa máis con carácter recuperable, o que significa que cada empresa acordará a forma de recuperar este día.

O Goberno galego propón que sexa o 17 de maio, Día das Letras Galegas, pola súa gran tradición e importancia para a cultura galega. Esta festa foi instituída no ano 1963 pola Real Academia Galega para conmemorar o libro de Rosalía de Castro *Cantares Gallegos*. Trátase de poder seguir conmemorando unha festa que forma parte da tradición, historia e cultura de Galicia. Esta data sempre foi festiva na comunidade galega desde 1991. A elección deste día como festivo recuperable é unha opción que xa se utilizou nos anos 2000, 2001 e 2007.

Ademais, outros tres festivos de carácter nacional poden ser substituídos polas comunidades autónomas: o 6 de xaneiro e o Xoves Santo (o 29 de marzo en 2018), que Galicia non cambia tradicionalmente, e dáselles a opción ás comunidades entre o 19 de marzo e o 25 de xullo, que na nosa Comunidade sempre se fixa o 25 de xullo, xa que é o Día Nacional de Galicia.

Informado o Consello da Xunta, a proposta de calendario laboral para 2018 terá que ser aprobada polo Consello Galego de Relacións Laborais. Posteriormente, cada concello terá que determinar dous días festivos máis para a súa localidade.

Calendario laboral de Galicia para 2018

FESTIVIDADE	DATA	DÍA DA SEMANA
Aninovo	1 de xaneiro	Luns
Día de Reis	6 de xaneiro	Sábado
Xoves Santo	29 de marzo	Xoves
Venres Santo	30 de marzo	Venres
Festa do Traballo	1 de maio	Martes
Día das Letras Galegas	17 de maio	Xoves
Día Nacional de Galicia	25 de xullo	Mércores
A Asunción	15 de agosto	Mércores
Día da Hispanidade	12 de outubro	Venres
Todos os Santos	1 de novembro	Xoves
Día da Constitución	6 de decembro	Xoves
A Inmaculada	8 de decembro	Sábado
Nadal	25 de decembro	Martes

Festa de carácter nacional non substituíble, a non ser que coincidan con domingo (9 días obrigatorios).

Festa de carácter nacional sobre a cal a Comunidade Autónoma non exerce a facultade de substitución (3 días que se poden substituír).

Festa propia da Comunidade Autónoma (festivo recuperable).